

# Enquisa ás Empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Edición 2017



# Índice

1

Caracterización do sector TIC

2

Innovación empresarial

3

Cara unha Internet ultrarrápida e á madurez tecnolóxica

4

Emerxen novas solucións TIC:  
Cloud computing, redes sociais e software para aplicacións móbiles

5

Comercio electrónico , formación e persectivas futuras



Principais resultados da “Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia”. Ano 2017.

Incluído no V Plan Galego de Estatística 2017 - 2021

Realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

Marco estratéxico: Axenda Dixital de Galicia 2020.

## Obxectivos

- Caracterizar o sector empresarial TIC galego, por ser un sector estratéxico no desenvolvemento económico de Galicia e polo efecto tractor e dinamizador TIC que exerce no resto de actividades empresariais.
- Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020 no sector TIC.
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no V Plan Galego de Estatística 2017 - 2021



1.

# Caracterización do sector TIC

## Sector TIC. Estrutura

### Manufactureiras TIC

Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados

Fabricación de ordenadores e equipos periféricos

Fabricación de equipos de telecomunicacións

Fabricación de produtos electrónicos de consumo

Fabricación de soportes magnéticos e ópticos

### Comerciais TIC

Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións

### Actividades Informáticas

Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática

Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web

### Telecomunicacións

Telecomunicacións por cable

Telecomunicacións sen fíos

Telecomunicacións por satélite

Outras actividades de telecomunicacións

### Outros Servizos TIC

Edición de programas informáticos


Reparación de ordenadores e equipos de comunicación



# Demografía empresarial I

- ☞ O número de empresas TIC galegas ascendeu ata as 2.437, cun incremento de 4,5% no último ano.
- ☞ Galicia permanece na 5ª quinta posición segundo o número de empresas do sector TIC.

Empresas TIC por Comunidade Autónoma



66,1%  
Actividades Informáticas

16,2%  
Comerciais TIC

7,7%  
Outros Servizos TIC

6,8%  
Telecom.

3,2%  
Manuf.


Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (IGE para Galicia). Ano 2015

## Demografía empresarial II

O 93,8% das empresas galegas TIC son microempresas (entre 0 a 9 empregados/as). O maior crecemento no volume de empresas TIC sitúase, principalmente, nas empresas TIC cun máximo de dous traballadores/as, aumentando en 89 empresas respecto ao ano anterior.


Empresas do sector TIC segundo o número de empregados /as. Galicia. Anos 2011-2015

(nº de empresas TIC)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015

## Emprego




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2011-2016



## Volume de negocio

⇨ O volume de negocio das empresas TIC galegas acadou os 2.522 millóns de euros no ano 2016, cun incremento do 2,8% no último ano.



⇨ Un 72,7% do volume de negocio corresponde a clientes galegos e un 20,6% ao resto de España.

### % de distribución xeográfica da cifra de negocio

Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
72.7	20.6	3.7	3.1

Base: empresas TIC  
Fonte: OSIMGA

### % de distribución por clientes da cifra de negocio

Xunta de Galicia	Concellos e deputación galegas	Administración Pública non galega	Empresas	Profesionais	Particulares
8.1	3.2	1.0	69.2	9.2	9.3

Base: empresas TIC  
Fonte: OSIMGA



2.

## Innovación empresarial


## Actividades de I+D+i

☞ Durante o período 2014-2016 o 31% das empresas TIC galegas desenvolveu actividades de I+D+i, 4,1 puntos máis que o ano anterior. Destas empresas, o 72,2% obtiveron resultados comercializables.



**Empresas do sector TIC que realizaron actividades de I+D+i nos tres últimos anos**

**Evolución Galicia**  
(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

☞ Principais innovacións:

- ☞ Actividades de apoio para os procesos das propias empresas
- ☞ Sistemas de xestión dos coñecementos

☞ A cooperación ou colaboración con outras empresas en materia de innovación durante o período 2014-2016 foi do 18,4%.



3.

Cara unha Internet ultrarrápida e  
á madurez tecnolóxica


# Calidade na velocidade de conexión a Internet



Máis da metade das empresas TIC galegas (51,5%) posúe velocidades de conexión superiores aos 100 Mbps, rexistrando un importante incremento de 12,7 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

## Velocidade de acceso a Internet en Galicia

(% empresas TIC que dispoñen de Internet)




Fonte: OSIMGA





# Madurez tecnolóxica

A transformación dixital que está a experimentar o sector TIC tamén se manifesta na propia actividade empresarial interna que repercute positivamente na produtividade e na eficiencia.

## Envío de factura electrónica



## Interacción coas AA.PP. a través de Internet






4.

## Emerxen novas solucións TIC:

Cloud computing, redes sociais e  
Software para aplicacións móbiles

# Cloud Computing

Emprego de servizos Cloud Computing



Fonte: OSIMGA




O Software como servizo (SaaS) - Google Apps, Dropbox, etc. - é a modalidade que empregan un 73,8% das empresas que traballan con tecnoloxías Cloud Computing.

O 43,9% das empresas TIC galegas emprega tecnoloxías Cloud Computing, cun incremento de 10,9 puntos porcentuais no período 2013-2017.

Tipo ou modalidade Cloud empregada

(% empresas TIC que empregan servizos Cloud)



Fonte: OSIMGA



## Redes Sociais: escaparate privilexiado dos produtos e servizos TIC


☞ O 40,1% das empresas TIC galegas emprega as redes sociais.



Crecemento do período 2013- 2017:  
9,5 puntos porcentuais

### Presenza activa nas redes sociais

(% empresas TIC con acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA



☞ O 86,1% das empresas TIC que dispoñen de redes sociais, empréganas para realizar accións de marketing e difundir os produtos da empresa ou mellorar o posicionamento de marca.

## Emprego de aplicativos en plataformas móbiles




O 63,5% das empresas TIC empregou aplicativos en plataformas móbiles (teléfonos móbiles e /ou tabletas), e un 12,1% encargaron desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles.

☞ Aumenta a porcentaxe de empresas TIC que ofrecen desenvolvementos específicos de software para plataformas móbiles.

### Ofreceron desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA



5.


## Comercio electrónico, formación e perspectivas futuras

## Comercio electrónico

- Aumenta en 4 puntos a porcentaxe de empresas TIC galegas que realizaron compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico, acadando o 78,3%.
- Unha de cada catro empresas galegas adicadas ás TIC vendeu bens ou servizos durante o ano 2014
- As vendas a través de Internet representan o 47,7% sobre o volume de negocio das empresas TIC que venden a través da Rede.

### Compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico das empresas TIC galegas


(% sobre o total de empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

### Vendas de bens ou servizos a través do comercio electrónico das empresas TIC galegas

(% sobre o total de empresas TIC)



**Peso vendas a través de Internet**  
47,7%



(% sobre o volume de negocio das empresas TIC que venden a través de Internet)

Fonte: OSIMGA




## Formación para responder ás cambiantes necesidades do sector

☞ Aumenta a porcentaxe de empresas TIC que proporciona formación aos traballadores/as, acadando o 32% (3,1 puntos máis que no ano anterior).


☞ As áreas formativas de máis interese son: as tecnoloxías e modelos de negocio baseados en Cloud e a seguridade e protección de datos.

Empresas do sector TIC que formaron en TIC a traballadores / as da empresa no último ano  
(% empresas TIC )



Fonte: OSIMGA - INE

Interese en facilitar formación en TIC aos/as traballadores / as




Fonte: OSIMGA



## Perspectivas futuras

**Emprego Tendencia de evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos**

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

➤ Máis da metade das empresas TIC galegas (52%) percibe a situación do sector como estable e un 31,1% como expansiva.

➤ O 23,4% das empresas TIC galegas teñen previsto contratar novo persoal relacionado co ámbito tecnolóxico nos vindeiros anos.



# Conclusións



- ✓ O número de empresas do sector TIC de Galicia acadou a cifra de 2.437, o que representa un crecemento do 4,5% respecto ao ano anterior
- ✓ O sector tecnolóxico galego emprega a 16.098 traballadores/as, o que supón un crecemento de 2,6% no último ano
- ✓ O volume de negocio das empresas TIC galegas acadou os 2.522 millóns de euros no ano 2016, un 2,8% máis que no ano 2015
- ✓ A porcentaxe de empresas do sector TIC galego que realizaron actividades de I+D+i durante os últimos 3 anos incrementouse en 4,1 puntos respecto ao dato do ano anterior, pasando dun 25,9% a un 31%.
- ✓ Máis da metade (51%) das empresas TIC galegas sinala que é difícil ou moi difícil contratar persoal con formación específica en TIC
- ✓ Incrementábase a velocidade de conexión a Internet que teñen contratadas as empresas TIC galegas: máis da metade (51%) posúe xa velocidades superiores a 100 Mbps fronte ao 38,3% no ano 2016.
- ✓ Rexístrase un crecemento de máis de 4 puntos na dispoñibilidade de ERP e CRM
- ✓ Séguese a reafirmar o uso de Cloud Computing, acadando o 43,9% e cun crecemento total no período 2013-2017 de 10,9 puntos porcentuais.
- ✓ Un 28,9% das empresas TIC galegas ofreceron desenvolvementos específicos de software para plataformas móbiles.
- ✓ Máis da metade das empresas TIC galegas (52%) percibe a situación do sector como estable e un 31,1% como expansiva.
- ✓ O 23,4% das empresas TIC galegas teñen previsto contratar novo persoal relacionado co ámbito tecnolóxico nos vindeiros anos.



### Metodoloxía da enquisa do OSIMGA:

- 440 enquisas ás empresas TIC galegas
- Enquisa vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura
- Período de realización da enquisa: 2 de abril ao 5 de xullo de 2017.
- A marxe de erro para o conxunto da mostra é de  $\pm 4,3\%$ .

### Fontes de información:

- Enquisas realizadas polo OSIMGA.
- Fontes externas IGE e INE



galicia



XUNTA  
DE GALICIA

Máis información: [www.osimga.gal](http://www.osimga.gal)